



## **INFORMACIÓN PROXENITORES E TITORÍAS LEGAIS. CURSO 2018/2019**

A Dirección do CEIP Xesús Golmar informa á comunidade educativa que, na secretaría, está a súa disposición o Proxecto Educativo de Centro. Deseguido informámoslles sobre algunhas das normas mais relevantes

### **TRANSPORTE ESCOLAR**

Será usuario lexítimo do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano e, en calquera caso, a unha distancia superior a 2 Km. calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios. Para manter a condición de **usuario lexítimo** fará **uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en DÍAS FIXOS DA TOTALIDADE DAS SEMANAS DO CURSO. A non utilización do transporte todos os días será comunicada mediante escrito a Dirección do centro. O alumnado que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderá dita condición e non terá acceso preferente ao comedor escolar.**

### **RECOLLIDA NAS PARADAS DE TRANSPORTE Á SAÍDA DO COLEXIO:**

O alumnado será recollido na parada pola persoa responsable que comunicará ao centro o seu teléfono de contacto que será facilitado á persoa acompañante do autobús. No caso de autorizar a terceiras persoas adultas, irmáns ou irmás entregarase a correspondente autorización no centro. A partir de 5º EP o alumnado poderá baixar só previa presentación no centro da autorización correspondente.

O tempo máximo de espera nas paradas para a recollida do alumnado non excederá de 5 minutos. Transcorridos estes continuará co itinerario habitual, levando consigo ao alumnado non recollido. Nestes casos a acompañante porase en contacto co teléfono facilitado para que o recollan na seguinte parada ou ben nas dependencias da empresa.

### **COMEDOR ESCOLAR**

#### **Selección e admisión de usuarios:**

1. Alumnado usuario de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.
3. Alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado membro de familias numerosas.

5. Alumnado fillo de proxenitores con incompatibilidade horaria.

6. Outro alumnado do centro.

As listas de admitidos serán expostas no taboleiro de anuncios do centro.

Todas as persoas que sexan admitidas provisionalmente no comedor escolar deberán cubrir o modelo de autodeclaración (**Anexo II cos datos da declaración do 2017**), agás as unidades familiares que pertencen a usuarios gratuítos de servizo de comedor os cales terán que presentar a documentación acreditativa da situación que lles fai acredores da gratuidade.

O incumprimento do pagamento do servizo de comedor e entrega do xustificante correspondente **na secretaría do centro antes do 20 de cada mes**, impedirá o uso de comedor ao mes seguinte mentres non se regularice a situación para o que conta cun prazo máximo de dous meses. **Os usuarios que durante o prazo dun mes non fagan uso do comedor coa frecuencia solicitada, causarán baixa automaticamente no servizo de comedor agás que a ausencia estea debidamente xustificada.**

**Usuarios gratuítos do servizo:** Alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, vítimas de violencia de xénero ou en acollemento familiar e familias cunha renda per cápita inferior a 7.000€.

### **LIBROS DE TEXTO**

**Os proxenitores que fagan uso do fondo libros asinarán a declaración responsable que os obriga a conservarlos en bo estado e a devolvelos ao rematar o curso escolar 2018/19 á titoría correspondente. A non entrega dos libros en bo estado excluírá automaticamente ao alumnado do fondo libros e de axudas libros.**

**Exclúese desta obriga o alumnado beneficiario de 1º e 2º de primaria, así como o de educación especial.**

Control e revisión das axudas: Procederase ao reintegro **total ou parcial, da axuda percibida**, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e **especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non foi empregado na adquisición dos libros de texto.**

Así mesmo **todas as persoas con dereito ao vale de material deberán destinalo á adquisición de material escolar.**

### **ACCESO AO CENTRO DO ALUMNADO NON TRANSPORTADO**

- a) Todo o alumnado de **primaria** non transportado, accederá ao patio pola porta principal sita na travesía da rúa "Memorias dun neno labrego".
- b) O alumnado non transportado de **educación infantil** accederá ao patio pola segunda porta de entrada sita na mesma rúa que a porta principal. Será entregado e recollido polos proxenitores onde indiquen as titoras.

- c) Abriranse as cancelas uns tres minutos antes da hora de entrada. O alumnado colocará na súa ringleira correspondente ata que soe o timbre, non podendo acceder ao patio inferior.
- d) Os proxenitores e persoas que acompañen ao alumnado non poderán estar na fila de entrada e só accederán as oficinas unha vez que o alumnado estea dentro. **Non accederán a outras zonas** sen consentimento expreso e por motivo xustifico.
- e) O alumnado transportado accederá ao centro pola entrada situada na rúa “Memorias dun neno labrego”, onde será recibido polo profesorado encargado da vixilancia de transporte, colocará na ringleira correspondente.
- f) O alumnado non poderá acceder ás dependencias do centro antes da hora de entrada nin permanecer no mesmo despois da hora de saída, por non haber persoal encargado de vixilancia do mesmo.
- g) Unha vez que o alumnado entre no centro cerrará a cancela, a partir dese momento deberá xustificar a falta de puntualidade.

#### **SAÍDA DE CLASE DO ALUMNADO NON TRANSPORTADO:**

Unha vez rematada a xornada escolar, acompañarase ao alumnado non transportado ata a saída (comprobando que sae todo o alumnado), onde agardarán os proxenitores, **SÓ SE ENTREGARÁ PERSOALMENTE AQUEL ALUMNADO QUE POR CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS ASÍ O DEMANDEN OS PROXENITORES**, estes poderán autorizar a outro adulto ou a un irmán ou irmá que curse 5º ou 6º de EP ou cursos superiores cubrindo a autorización que se lle facilitará no centro.

#### **RECOLLIDA DO ALUMNADO NON TRANSPORTADO:**

As persoas responsables teñen a obriga de comunicar ao centro calquera retraso na recollida do alumnado, de non ser posible contactar coas mesmas e transcorrida media hora, integraráse no servizo de comedor ou en Enrédete, correndo os gastos a cargo dos proxenitores, de repetirse a situación en máis de catro ocasións, procederáse a condución dos escolares as dependencias da Garda Civil ou da Policía Local. A reiteración desta circunstancia dará lugar a comunicación dos feitos aos Servizos Sociais.

#### **Asistencia e puntualidade**

1. A asistencia do alumnado á clase e aos actos que se sinalen será obrigatoria. As faltas de asistencia deberán ser **xustificadas** polos proxenitores ou titorías legais, mediante certificación do organismo correspondente.
2. Tamén deberán ser **xustificadas documentalmente** as faltas de **puntualidade** nas entradas ao colexio.
3. Cando o número de faltas sen xustificar exceda de 10 horas ou cando as faltas de puntualidade sexan reiteradas activarase o **Protocolo de Absentismo Escolar**.

**Se o alumno ou alumna chega unha vez comezada a clase, a persoa responsable que o acompañe asinará no libro de impuntualidade e entregará o xustificante correspondente, a alumna ou o alumno será acompañado á aula polo conserxe ou persoa que se designe.**

**Sempre que un alumno ou unha alumna se ausente do centro, durante o horario lectivo, a persoa responsable deberá asinar en conserxería, no libro de xustificación de saídas, tanto no momento de saída como á hora de regreso.**

**Consumo de alimentos: A hora de recreo é un bo momento para repoñer forzas apostamos por unha alimentación saudable evitando a “bollería e produtos con alto contido en azucre”.**

Non se permite o consumo de **chicles ou lambetadas** ou calquera outro alimento nas aulas, agás en actividades programadas expresamente polo profesorado. Quedan excluídos do apartado anterior todos aqueles casos que estean baixo prescrición médica e que teñan o informe preceptivo na secretaría do centro.

**Se hai alerxias alimentarias comunicárselle á persoa titoría co correspondente informe médico.**

**Non se repartirán invitacións para cumpleos nin ningún tipo de agasallos.**

Cada alumno e cada alumna é responsable do uso do mobiliario e material do centro, os desperfectos serán aboados polo alumnado que corresponda. Calquera estrago que se detecte deberá comunicarse á súa titora ou titor.

#### **TITORÍA DE PROXENITORES OU TITORÍA LEGAL**

- Establécese unha hora semanal de titoría para a atención dos proxenitores do alumnado, **os martes de 15:30 a 16:30 horas**.
- As persoas titoras que desexen manter unha entrevista deberán de comunicalo previamente ao profesorado, a través do alumnado, do teléfono do centro ou do correo electrónico.
- Á entrevista asistirá a nai, pai ou representante legal sen acompañamento do alumno ou alumna, agás que a titora decida o contrario.
- No caso de que o alumnado acompañe os proxenitores, non se permitirá que **xogue nos corredores**, acceda ás aulas ou non garde a compostura que se esixe no centro sendo esta responsabilidade da nai, pai ou titoría legal.
- **Non se manterán entrevistas a través do teléfono do centro**, só se usará para avisos de carácter urxente.

#### **AVALIACIÓN**

Realizaranse tres avaliacións ao longo do curso das que se informará ás familias a través dos boletíns correspondentes. ( Ver díptico informativo)

### **RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓN.**

Os proxenitores, que non estean de acordo coas cualificacións finais asignadas ao seu fillo ou á súa filla poderán presentar, nun prazo de cinco días contados a partir do día de entrega das mesmas, unha reclamación por escrito ante a dirección na que expoñan as razóns nas que se fundamenta a súa solicitude.

### **TELÉFONO**

Usarase cando sexa necesario para informar aos proxenitores dalgún incidente, para avisos ou para concertar cita, procurando chamar ao teléfono fixo.

Non se dará información académica a través do teléfono do centro. O alumnado non fará uso do teléfono do centro.

É obrigatorio que os datos do alumnado, dirección e teléfono estean actualizados.

### **FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS**

Cando algún integrante da comunidade educativa realice trámites na secretaría do centro e precise fotocopiar algún documento poderá facelo no mesmo previo pago de 5 céntimos por copia.

### **PERMANENCIA NO CENTRO**

Unha vez formalizada a matrícula no centro o alumnado ten reservada a praza ata o remate da educación primaria.

Se un alumno ou unha alumna se traslada a outro centro deberá comunicalo en secretaría e cubrir o impreso correspondente.

### **NORMAS DE CONVIVENCIA**

As normas de convivencia aprobadas no NOF son de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

### **CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.**

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra calquera persoa da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da lei de convivencia.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- h) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, será indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.
- i) **Queda expresamente prohibido a posesión ou uso de teléfono móbil, cámara de fotos, cámara de vídeo, gravadoras e calquera outro obxecto que poida utilizarse dese xeito.** (Serán retirados e só se devolverán aos proxenitores).
- j) O uso das redes sociais: Tuenti, twitter, facebook, instagram...
- k) Os comportamentos sexistas que falten ao respecto a identidade e á imaxe da muller.

- l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- m) O incumprimento das sancións impostas.
- n) Saír do centro sen permiso da Dirección.

### **CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos no plan de convivencia do centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro docente.
- f) **Está prohibido tamén o uso de spray tanto en desodorantes, perfumes ou calquera outro produto (motivado polo perigo para os alérxicos e o mal uso do mesmo que pode causar danos).**

### **MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro entre dúas semanas e un mes, e nas de carácter puntual cando teñan lugar.
- c) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- d) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Cambio de centro.

### **MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.**

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan a mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas se son continuadas, e nas de carácter puntual cando teñan lugar.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- f) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- g) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

## ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE OU ENFERMIDADE

Un accidente máis ou menos grave, pode acontecer en calquera momento, tanto no domicilio, transporte ou no mesmo Centro Escolar. Por iso, debemos estar preparados e actuar coa maior dilixencia posible. Ante situacións así, actuaremos da seguinte forma:

- ✓ Accidente “moi grave” ou enfermidade grave
- ✓ AVISO INMEDIATO AOS SERVIZOS DE EMERXENCIA (112/061) E Á FAMILIA.
- ✓ Accidente “grave” (o traslado do accidentado non reviste gravidade).
- ✓ AVISO INMEDIATO Á FAMILIA PARA QUE TOME A DECISIÓN OPORTUNA.

Enfermidade ou accidente “leve.

- ✓ AVISO Á FAMILIA. ESPERAR A CHEGADA DO FAMILIAR.

Pequenas lesións: atención no propio centro polo persoal docente. AVISO Á FAMILIA, SE PROCEDE.